

Gandolfi e Chaya Czernowin. Desde 2010 desempeña o cargo de director do Harvard Group for New Music. Ademais imparte clases de Composición e Teoría e é titor residente (Adams House) na Universidade de Harvard. As súas obras foron interpretadas en importantes foros de Norteamérica, Latinoamérica, Asia e Europa. Entre 2006 e 2009 recibiu varios premios de composición. Na actualidade é bolseiro de CONACYT e da Fundación México en Harvard. Fundador do Open Source Creation Group que se dedica ao deseño de programas inter e transdisciplinares así como a proxectos sociais onde se involucren simultaneamente varias áreas de coñecemento. Musicou cine, documentais, curtametraxes, animación, vídeo experimental e varias colaboracións audiovisuais. Tamén se dedicou á práctica instrumental como violonchelista, explorando diversas técnicas de improvisación con/sen electrónica en tempo real.

edgarbarroso.net

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Pablo Coello *saxofón* / Sergio Pacheco *trompeta* / Vadzim Yukhnovich *acordeón* / Ailsa Lewin *violonchelo* / Carlos Méndez *contrabaixo* / Rubén Barros *guitarra eléctrica* / David Durán *piano* / Antonio Ocampo, Diego Ventoso *percusión* // Pablo Coello *dirección musical* / Ramón Souto *dirección artística*

www.vertixesonora.net

CGAC

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Ramón del Valle Inclán 2
15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602
cgac.actividades@xunta.es
www.cgac.org



MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea
Martes, 15 de decembro de 2015 ás 20:30 h

CONSTELACIÓNS

Daniel Moreira *Countdowns** (2015)

saxofón, trompeta, acordeón, contrabaixo, guitarra eléctrica, piano, percusión e *samplers*

Ezequiel Menalled *Contigüidades*** (2015)

saxofón, trompeta, acordeón, violonchelo, contrabaixo, guitarra eléctrica, piano, percusión e electrónica

Ralph Bernardy *Juurtua*** (2015)

trompeta, contrabaixo, piano e percusión

Camilo A. Méndez¹ *Collide, Splinter, Splatter*** (2015)

saxofón, trompeta, acordeón, guitarra eléctrica, piano e percusión

Edgar Barroso *Metzli* (2015)

saxofón, acordeón, violonchelo, contrabaixo, piano e percusión

Cuarto concerto da edición de 2015 do ciclo *Música e arte. Correspondencias sonoras*, no que Vertixe Sonora se interna no misterioso e complexo universo de González Palma a través de cinco *constelacións* cunha interpretación particular da obra do artista guatemalteco.

Catro compositores próximos xeográfica e culturalmente ao artista —Edgar Barroso (México), Ezequiel Menalled (Arxentina), Camilo Méndez (Colombia) e Daniel Moreira (Brasil)— xunto a Ralph Bernardy (Alemaña) danlle forma ao intanxible, “nun intento de lles dar corpo aos fantasmas que gobernan as relacións persoais, as xerarquías relixiosas, a política e a vida”, en palabras de González Palma.

Como na obra de Palma, estes compositores teñen a encomenda de “representar o espazo utópico do irrepresentable”. Se él se serve do rostro e da mirada para formalizar aspectos inmateriais como o trauma, a perda, a dor ou o silencio, cada un dos compositores emprega as súas propias ferramentas e recursos: ben sexa a pegada do cotián e a súa representación imaxinaria, en *Countdowns*; a íntima mirada á tradición e ás propias raíces, en *Juurtua*; a xustaposición de elementos, en *Collide, Splinter, Splatter*; a sobreimpresión e a recontextualización, en *Contigüidades*; ou a recuperación do mundo fantástico de escuridade e luz en que transcorre *Metzli*. Todo isto, como no mundo de Palma, introducindo espazos irrealis, reflexións introspectivas, ecos surrealistas ou aspectos teatrais.

*Estrea nova versión. Encarga de Vertixe Sonora ** Estrea absoluta. Encarga de Vertixe Sonora

¹ Compositor seleccionado polo Taller de Composición y Experimentación Sonora *Mixtur* 2015

OS COMPOSITORES

Daniel Moreira. Brasil, 1984

É compositor e director de música clásica contemporánea. Tras estudar física, Daniel estudou composición e teoría musical en Alemaña (Hochschule für Musik und Theater Hamburg e Musikhochschule Stuttgart), en Estados Unidos (University of Texas at Austin) e no Brasil (Universidade Federal do Rio Grande do Sul). Os seus principais profesores foron Marco Stroppa, Manfred Stahnke e C. L. Chaves. Participou en diversos *workshops* e *masterclasses* con renomeados *ensembles* e compositores da música actual, entre eles, Brian Ferneyhough, George Aperghis, Chaya Czernowin, Rebecca Saunders, Mark André, C. S. Mahnkopf, Ensemble Modern, Ensemble Recherche, Musik Fabrik e Elision Ensemble.

As súas composicións abranguen unha vasta paleta de xéneros musicais e recibiron numerosos premios (Deutscher Musikwettbewerb 2012, Stuttgarter Kompositionspreis, BNI Commission Competition, Premio DAAD 2011, Gaudeamus Music Prize [finalista], Salvatore Martirano Award [segundo premio]). Ademais, foi bolseiro da Mozart Stiftung, da Künstlerhaus Schloss Wiepersdorf e da Künstlerhaus Lauenburg. As súas obras foron programadas nos Estados Unidos, Europa, Asia, Australia e América do Sur en importantes festivais e auditorios como ECLAT Festival, Kunstakademie Berlin, Gaudeamus Music Week, Darmstadt Summer Courses, Philharmonia Essen, Cresc. (Biennale für Moderne Musik Frankfurt Rhein Main), ISCM World New Music Days, Wet Ink Concert Series, Donaueschinger Musiktage Off-Programm, Festival Contemporáneo-RS.

Como director estudou nos Estados Unidos con Robert Carnochan; en Italia, con Michael Luig; e en Alemaña, con Lorenz Nordmeyer. Especializouse no repertorio contemporáneo, estreando obras dun gran número de compositores internacionais (incluíndo ópera, teatro musical e pezas para orquestra e *ensemble*). É fundador e director do *ensemble* de música contemporánea Volumina Consort. En 2008 foi nomeado director de produción do Festival Contemporáneo-RS e, entre 2010 e 2011, foi coorganizador do ciclo de concertos *Die lange Nacht der neuen Werke* de compositores da Hochschule für Musik und Theater Hamburg.

Na área académica, Moreira traballou como investigador en música interactiva e o seu *software* DFM Granuloma recibiu o primeiro premio do Salão de Iniciação Científica da Universidade Federal do Rio Grande do Sul (UFRGS) en 2008. Tamén recibiu mencións e premios polo seu desempeño académico de diversas institucións (UFRGS, University of Texas at Austin e Hochschule für Musik und Theater Hamburg). É profesor de Composición e Teoría na Hochschule für Musik Theater und Medien Hanover, Alemaña.

www.daniel-moreira.com

Ezequiel Menalled. Arxentina, 1980

Compositor, director e guitarrista, estudou no Centro de Estudios Avanzados de Música Contemporánea, e de forma particular con Santiago Santero. Radicado en Holanda desde 2002,

traballou con numerosos *ensembles* e músicos de todo o mundo. En 2003 fundou Modelo62, *ensemble* da que é director artístico e musical desde o inicio. Actualmente divide o seu tempo entre Arxentina e Holanda, onde ensina Instrumentación e Orquestración no departamento de composición do Real Conservatorio da Haia e é, ademais, profesor convidado do Instituto de Sonoloxía.

Pola súa ópera de cámara *El limonero real*, producida e estreada no Centro de Experimentación do Teatro Colón, acaba de recibir o Premio ao Fomento das Artes, outorgado por Radio France Internationale - Radio Cultura, Bos Aires.

ezequielmenalled.net

Ralph Bernardy. Alemaña, 1988

Estudou piano, violín e composición no Conservatorio de Luxemburgo. Do 2008 ao 2013 estudou Composición con Wolfgang Rihm e Teoría Musical con Michael Reudenbach na Hochschule für Musik Karlsruhe. Desde 2014 estuda un máster en Teoría Musical na Schola Cantorum Basiliensis de Basilea. Obtivo a cátedra de Teoría Musical na Musikhochschule Trossingen e na Folkwang Universität der Künste Essen. Ten traballado xunto a renomeados solistas e *ensembles* como Eduard Brunner, Barbara Maurer, Isao Nakamura, Ensemble Modern, Ensemble Recherche e a Badische Staatskapelle.

Camilo A. Méndez. Colombia, 1982

O seu traballo compositivo caracterízase pola composición de ciclos musicais baseados en textos e estímulos extra musicais. Nas súas obras busco explorar diferentes maneiras en que os textos poden ser traducidos a secuencias numéricas e como estas secuencias poden ser, á súa vez, transformadas en parámetros musicais.

Completo o doutoramento e o máster en composición musical baixo a supervisión dos directores Jonathan Cole, Alison Kay e William Mival no Royal College of Music de Londres. Tamén estudou por libre con Rebecca Saunders e Pierluigi Billone.

A súa música foi interpretada por *ensembles* e solistas especializados na interpretación de música contemporánea e presentouse en festivais internacionais coma o Darmstadt New Music Festival, Next Generation Donaueschingen, o Quinto Festival de Saxofón de Mallorca, Klasik Keyifler en Turquía, June in Buffalo en Estados Unidos ou o Festival de Música Española en Cádiz.

Edgar Barroso. México, 1977

Actualmente é candidato ao título de doutor en composición musical pola Universidade de Harvard, onde traballa con Hans Tutschku, Brian Ferneyhough, Helmut Lachenmann, Michael